

Esta é a gran novela da Costa da Morte (Carballo, 19-4-2013)

(...)

En concluindo o século XX, a Costa da Morte converteuse nun referente temático para libros de distintos xéneros. Citamos algúns exemplos. No terreo da literatura, *Costa da Morte blues* de **Manolo Rivas**. No ámbito das guías de viaxes nomear as de **Laredo Verdejo** (*Galicia enteira*) ou as do noso compañeiro aquí presente **Xan Fernández Carrera** (*Costa da Morte* ou *Lugares con encanto da Costa da Morte*). Reeditáronse libros de viaxeiros históricos (**Aubell**). Poderíamos seguir cun senfín de títulos. Todos están catalogados polo filólogo **Chema Rei Lema**.

Na tradición bibliográfica

Costa do Solpor continúa esa tradición bibliográfica. Como se pode ver na páxina 659 de 'Débedas', son moitas as fontes de inspiración nas que bebe para continuar con esa vella herdanza. A día de hoxe poderíamos preguntarse que outro territorio galego se ten convertido en eixo temático e fonte de inspiración para tantos novelistas, poetas, ensaístas ou investigadores. (...)

A gran novela da Costa da Morte

Esta é **a gran novela da Costa da Morte** e non o dicimos polas máis de 600 páxinas senón pola calidade que atesouran as súas páxinas.

Hai aquí **un magnífico emprego e dominio** da lingua galega. Outra vez máis, unha das facianas do Lema. Ó longo destes case vinte anos de xestación da novela seguramente que houbo un arduo traballo de selección da palabra precisa e preciosa para designar cada parte dunha embarcación veleira, ese accidente marítimo, o léxico de aproximación dun barco á costa. Como bo novelista sabe medir o peso das palabras e non abusa con pedantería da lexicográfica. Lémbrome agora dunhas declaracións, ó respecto, doutro gran novelista, **Carlos Casares**. Dicía: “No tocante, ó uso das palabras descoñecidas para o lector, o escritor debe empregalas coma se dun **pequeno regato** se tratase. O regato discorre pracenteiro polo verde val e de pronto encóntrase cun cativo accidente de terreo que ten que salvar con ruído das súas augas, pero pronto volve ó seu manso camiñar a paso de boi”. Así fai tamén O Lema, sen fartarnos. (...)

Costa do Solpor é **un magnífico exemplo de calidade lingüística sen caer na liña recta**, na monotonía lingüística. Eu cando leo un libro busco que me sorprenda tamén lingüisticamente. Respecto a isto, lembro que na miña época universitaria -finais dos 80, principios dos 90- os nosos catedráticos de literatura criticaban a lingua da narrativa contemporánea por non superar o léxico dos dicionarios de Xerais. Menos mal que por aquel tempo xa andaba o **Darío Xohán Cabana** a publicar as súas primeiras novelas que contradicían esas afirmacións.

Recreación dun mundo e dunha época

Cando o malpicán **Xelucho Abella** exerceu como padriño na presentación da novela *A Costa da Morte* de José Más dixo que o que máis destacaba no libro era a magnífica **recreación dun mundo e dunha época**. Isto está brillantemente traballado en *Costa do Solpor*, mesmo vai máis alá. Recréase aquí **un mundo local** (parte das pequenas vilas e aldeas mariñeiras da Costa da Morte), o **provincial** (cando nos leva á cidade da Coruña ou se fan referencias a Compostela), o **Estado**, as **referencias europeas** e mesmo o pasado/presente da novela colonial americana. Todos eses mundos converxen no núcleo máis agreste da Costa da Morte (Vilán e arredores) e enriba das táboas dunha goleta con velas movidas a forza de vento.

As **partituras deses mundos** (e citamos o eido da música dado que con ela tamén ten vínculos o Lema e na novela aparecen unha gaita e un acordeón) son variadas. Hai aquí

unha **polifonía de temáticas** deses mundos: as loitas relixiosas, o declive da nobreza, o amor entre Chavián e a súa princesa, os persoeiros históricos que loitaron por unha sociedade mellor (Sarmiento), os nosos artistas históricos (os escultores de Borneiro, o Alemán de Camelle). Mención especial merece, por ser grandemente descoñecido e mesmo extrapolable ós anos de hoxe, o mundo dos corsarios (coruñeses) que oficialmente pasaban por homes de ben pero que tiñan oculta unha cara B, maligna e sanguinaria.

Xabier P. Docampo manifesta en repetidas ocasións que as súas novelas non están pechadas mentres **os seus personaxes** non medren como personaxes, mentres non maduren, mentres non pasen dun estado inicial ata un final e nese percorrido haxa unha aprendizaxe da vida, **unha transformación interior**; transformación que o autor tamén quere para o lector. Isto tamén se dá en *Costa do Solpor* a pesar do risco de manter tan amplo elenco de personaxes. Uns mínimos exemplos: o Tiopa pasa de malo da Confraría da Man Morta a poñerse da parte dos protagonistas. O Chavián que descubre, en conversas que nunca antes tivera con súa nai, cal era o seu verdadeiro pasado. E para nós, a transformación de personaxe máis importante é unha transformación colectiva: a da mocidade daquelas vilas mortas, acomodadas ás esmolos da Confraría, que son quen de loitar pola dignidade dun futuro mellor. Isto creo que tamén é unha mensaxe do autor para a sociedade actual.

Non queremos deixar de citar a presenza do **humorismo** que aparece nalgunha das páxinas, poucas, do libro. Se non estamos equivocados, cremos que é unha homenaxe ó seu veciño Enrique Labarta Pose. Encontramos humorismo na conversión no mendiño farrapento e cheirento que vende queixos cheirentos como estratexia para subir ó barco corsario, por exemplo.

Lina en cinco noites: súbome desde a primeira páxina

¿Asusta a lectura dun libro de 600 páxinas? Todo vai depender con que ollos vexamos o volume. Aviso que non nos deben asustar tantas follas escritas. Hai pequenos libros dos que son incapaz de pasar da páxina 20 e grosos volumes dos que agardo unha segunda parte ou mesmo boto en falta aínda máis acción tras o último capítulo. *Costa do Solpor* é para min dos segundos. **Lino en cinco noites** nos que tardei máis horas do debido en botar as sabas enriba do corpo. O **desexo irrefreable do lector. Súbome xa desde a primeira páxina** e non por ser o libro dun amigo, senón porque todo o que aquí se artella (aventuras, a identidade da Costa da Morte) **encadra cos meus gustos** lectores e encadra tamén porque está escrito con verdadeira **mestría** de experimentado narrador. Por iso vos convido a que *Costa do Solpor*, como tamén lle acontecera o meu amigo, o regueifeiro Maximino Garrido, co libro de Baña Heim sobre os naufraxios da Costa da Morte, se convirta na **novela de compañía** dos tempos tanto de sol como de solpor que xa están próximos a pesar de tanta auga, porque aquí hai máis lecturas ca a 'novelesca', aquí hai máis illa ca a do tesouro, amósase **un verdadeiro retrato** da Costa da Morte de hai un par de séculos. Non vos sentiredes defraudados como lectores, seguro. Quero rematar cunha pequena reflexión. Na miña biblioteca persoal teño libros ós que volvo en numerosas ocasións, síntome na obriga de reler todo ou parte. *As Memorias dun neno labrego* de **Xosé Neira Vilas**, *A esmorga* de **Eduardo Blanco Amor**, *Merlín e familia* de **Álvaro Cunqueiro**, *Os libros arden mal* de **Manolo Rivas**, *Criminal* de **Xurxo Borrazás**, *Queixumes dos pinos* de **Eduardo Pondal**, *Aire negro* de **Agustín Fernández Paz**. Amigo, Xosé María, desde hoxe esta novela *Costa do Solpor* será outro dos meus libros de relectura. A el acudirei para recordar as aventuras da furna da Buserana, a el acudirei cando queira saborear como eran as rúas e o porto desa Coruña corsaria, a el acudirei cando...

[Extracto do texto de presentación lido no Casino de Carballo;

Xosé M. Varela Varela é profesor e filólogo, o maior especialista na obra de E. Labarta Pose]